

**RESOLUCIÓN REITORAL, DO 13 DE MAIO DE 2020,
POLA QUE SE APROBA O PROTOCOLO QUE
ESTABLECE O RETORNO Á ACTIVIDADE
PRESENCIAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO E AS
MEDIDAS DE PREVENCIÓN ASOCIADAS FRONTE Á
COVID-19**

Táboa de contidos

1. Antecedentes	3
1.1. Obxecto.....	3
2. Introducción.....	3
2.1. Introducción.	3
2.2. Persoal especialmente sensible	4
3. Información.....	5
3.1. PAS e PDI.	5
3.2. Estudantado.	5
3.3. Persoal externo, visitantes, provedores etc.	5
4. Instrución xeral de retorno á actividade presencial.	6
4.1. Primeira fase	6
4.2. Segunda fase	8
4.3. Terceira fase	8
4.4. Persoas pertencentes a grupos vulnerables á COVID-19 e persoas con cargas familiares	9
5. Medidas preventivas para implementar na Universidade de Vigo.....	9
5.1. Medidas xerais para todas as persoas.	9
5.2. Medidas organizativas xerais.....	9
5.2.1. Organización do traballo	10
5.2.2. Acceso e mobilidade.....	11
5.2.3. Reunións, viaxes, traslados e formación	11
5.3. Medidas nos espazos de atención ao público.....	12
5.4. Medidas preventivas colectivas nas zonas comúns.....	12
5.4.1. Entradas e saídas	12
5.4.2. Ventilación natural.....	13
5.4.3. Limpeza e desinfección	13
5.4.4. Mobilidade interna.....	13

5.4.5. Outras medidas nas zonas comúns	14
5.5. Medidas preventivas individuais	15
6. Docencia e I+D	16
6.1. Docencia en liña.....	16
6.2. Docencia presencial (podería incluír os exames de segunda oportunidade e a ABAU 2020)	16
6.2.1. Medidas organizativas	16
6.2.2. Medidas preventivas colectivas	17
6.2.3. Medidas individuais	17
7. Especificacións recomendadas para os elementos de protección	17
7.1. Máscaras.....	17

1. Antecedentes

De acordo co Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado o 28 de abril polo Ministerio de Sanidade, coa Instrución da Secretaría Xeral da Función Pública sobre as medidas e as liñas de actuación en materia de prevención de riscos laborais fronte á COVID-19 de cara á reincorporación presencial do persoal, publicado o 28 de abril polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública, e coa CETOP da Xunta de Galicia.

O día 4 de maio indícase como o inicio da fase 0, pola que o comercio retallista e as actividades de prestación de servizos están autorizados a abrir baixo certas condicións, como concertar unha cita, e sempre baixo un protocolo de protección e de prevención.

O día 11 de maio indícase como o inicio da fase 1 en diferentes zonas da xeografía nacional, entre elas, a comunidade autónoma de Galicia.

1.1. Obxecto

Establecer as medidas preventivas para garantir a seguridade e a saúde das persoas que vaian traballar de forma presencial nos espazos da Universidade de Vigo.

Trátase de incrementar a actividade mediante o aumento progresivo do persoal presente, á vez que se maximiza o rendemento dos medios telemáticos coa premisa fundamental de garantir a seguridade do persoal, de forma que se mitiguen as posibilidades de eventuais contaxios.

Todos e todas estamos chamados individualmente a comportarnos de maneira responsable.

2. Introducción

2.1. Introducción

A situación xerada pola evolución do brote da COVID-19 fixo necesario adoptar medidas de contención extraordinarias que inevitablemente están a ter un importante impacto na Universidade de Vigo. Para afrontar este incerto escenario, a universidade está a levar a cabo unha análise permanente da situación, co obxecto de garantir o desenvolvemento da súa actividade e posteriormente reiniciala con normalidade cando se supere a alerta sanitaria.

O escenario de futuro máis probable é que a transmisión do SARS- CoV-2 non se poida eliminar a curto prazo e que se orixinen brotes recorrentes durante os próximos meses. Isto débese á súa grande transmisibilidade, o seu período curto de incubación e á baixa proporción da poboación inmunizada. Só a medida que haxa máis xente protexida por pasar a infección e posteriormente polo impacto da vacinación, cando esta dispoñible, diminuírá o risco de que haxa brotes.

As medidas preventivas enmárcanse no artigo 20 sobre as medidas de emerxencia, da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, do 8 de novembro, dada a situación de emerxencia derivada da alerta sanitaria. Establécense segundo o cumprimento do Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus publicado o 30 de abril de 2020 polo Ministerio de Sanidade.

A volta ao traballo presencial debe contar coa elaboración e o seguimento dun plan de medidas preventivas **adaptado ás particularidades de cada centro de traballo** dirixido a previr e a darlle resposta á posible aparición de casos de COVID-19.

Como medidas preventivas para evitar posibles aparicións de COVID-19 e para garantir a continuidade da actividade, a institución poderá adoptar simultaneamente, se as condicións do traballo así o requiren, medidas de tipo organizativo, hixiénicas e técnicas entre o persoal. Será algo dinámico adaptado en todo momento ás directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade.

Así, a distancia entre as persoas, que entendiamos nas actividades ordinarias –o uso frecuente do transporte público, as oficinas con múltiples persoas, as reunións presenciais en espazos adecuados en situación anterior, o uso colectivo dos comedores, das cafeterías, dos ximnasios etc.–, deberá protexerse e, en consecuencia, a forma tradicional de traballar deberá revisarse.

No caso da universidade, en función da natureza das actividades e dos mecanismos de transmisión do novo coronavirus SARS-CoV-2, segundo a táboa 1 «Escenarios de risco de exposición ao coronavirus SARS-CoV-2 na contorna laboral» publicada polo Ministerio de Sanidade o 30 de marzo de 2020, podemos establecer dous escenarios de risco: un **escenario de baixa probabilidade da exposición** para os postos de traballo sen atención directa ao público ou a máis de 2 metros de distancia ou con medidas de protección colectiva que eviten o contacto. Outro escenario de exposición de baixo risco para os postos con atención ao público nos que non se poida manter a distancia de seguridade ou instalar protección colectiva e naqueles postos de laboratorio onde se realicen probas de diagnóstico viroso (SARS-CoV-2).

É responsabilidade de todas as persoas traballadoras contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas e que se implanten, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

2.2. Persoal especialmente sensible

Dentro da contorna de excepcionalidade derivada do risco que crea o SARS-CoV-2, causante da COVID-19 e co obxecto de protexer a saúde pública, o Ministerio de Sanidade estableceu que se debe evitar a exposición dos traballadores e traballadoras que, en función das súas características persoais ou do seu estado biolóxico coñecido, debido a patoloxías previas, a medicación, a trastornos inmunitarios ou a un embarazo, sexan considerados especialmente sensibles ao coronavirus.

Coa evidencia científica dispoñible con data 30 de abril de 2020, o Ministerio de Sanidade definiu como principais grupos vulnerables á COVID-19, as persoas con:

- diabetes
- enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión
- enfermidade pulmonar crónica
- inmunodeficiencia
- cancro en fase de tratamento activo
- embarazo
- maiores de 60 anos

Segundo estes criterios do Ministerio de Sanidade, deberemos considerar estes grupos de vulnerabilidade, a súa condición de especial sensibilidade (art. 25 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais) e, se procede, tomar as accións para evitar a súa exposición e evitar o risco ou limitalo suficientemente, mediante a utilización de medios de protección colectiva ou a adopción de medidas de organización do traballo.

3. Información

3.1. PAS e PDI

A universidade, a través dos medios máis adecuados e eficaces como o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), debe informar a toda a comunidade sobre as disposicións establecidas no protocolo e os empregados e empregadas a través da colocación de carteis nos lugares máis visibles (vestiarios, zonas comúns etc.).

3.2. Estudantado

A universidade debe informar o estudantado das disposicións establecidas no protocolo a través da colocación de carteis na(s) entrada(s) dos centros, nos lugares máis visibles posible.

3.3. Persoal externo, visitantes, provedores etc.

A universidade debe informar o resto das persoas e as visitas das disposicións establecidas no protocolo a través da colocación de carteis na(s) entrada(s) dos centros, nos lugares máis visibles posible.

Coa finalidade de xestionar adecuadamente o fluxo de visitantes aos edificios, impulsarase o uso do sistema das concertacións de citas.

No que se refire aos provedores externos e ás empresas subcontratistas sen presenza permanente nos edificios, deberán contar cos equipos de protección establecidos polas autoridades sanitarias coma obrigatorios ou recomendados. O seu incumprimento suporá a denegación do acceso ao edificio.

4. Instrución xeral de retorno á actividade presencial

4.1. Primeira fase

A) Fase organizativa: desenvolverase do 11 ao 17 de maio

Nesta primeira fase A) realízase unha análise das medidas contidas neste documento e das actuacións necesarias para a súa posta en práctica.

Para isto, analizarase coas persoas responsables dos servizos e das unidades administrativas os aspectos relativos ao PAS e coas direccións e cos decanatos dos centros docentes e de investigación o relativo ao PDI.

Neste sentido, deberanse concretar os seguintes aspectos:

1. Identificar o persoal que conta con despacho propio e que, polo tanto, non concorre non seu posto de traballo con ningún outro traballador.
2. Identificar o persoal cuxas funcións se poden exercer de xeito non presencial, así como aquel que non conta no seu domicilio coas ferramentas necesarias para este réxime de traballo non presencial, e aquel cuxas funcións só son susceptibles de desenvolverse de xeito presencial.
3. Identificar os espazos de traballo compartido nos que se cumpre a distancia de seguridade de 2 metros (frontal, lateral e traseira).
4. Consultarase co persoal a súa disposición para a reordenación da súa quenda de traballo para telo en conta por se fose necesario reordenar a afluencia do persoal aos edificios.
5. Consultar co persoal se ten a consideración de grupo vulnerable á COVID-19, en función dos grupos vulnerables definidos polo Ministerio de Sanidade: persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos, e de ser así indicaráselle que deberá notificarlo ao SPRL da Universidade de Vigo para a súa inclusión nalgún destes perfís, a través do documento que pode descargar na seguinte ligazón ou consultar aquí.
6. A Área de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención de Riscos Laborais fará a valoración oportuna.
7. Consultar co persoal se ten ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes que resulten afectados polo peche dos centros educativos ou de maiores.

Respecto aos postos de traballo, incluíndo os dos laboratorios, nos que se constate que non cumpren a separación de 2 metros, avaliarase a reordenación dos postos de traballo para conseguir esta separación.

Se a reordenación non é viable, procederase a examinar se é posible a dotación de elementos de protección ou de mobiliario que impida o contacto coas demais persoas, tales como anteparos de vidro de separación ou a instalación de mobles que contén coa altura suficiente para servir de barreira de separación. As solicitudes para tales efectos remitiranse á Xerencia.

O paso dunha fase á seguinte, así como as datas e o persoal incorporado, dependerán das condicións que vaian marcando as autoridades competentes.

Así mesmo nesta primeira fase A) a Xerencia, os administradores/as e os directores/as deberán identificar as necesidades concretas do persoal que deberá prestar servizos de xeito presencial durante esta fase para a preparación dos mecanismos de protección precisos, así como aquelas actuacións de mantemento e de preparación de material imprescindible para o reinicio da actividade na seguinte fase. O persoal deberá entrar con tarxeta e pola porta principal. O resto das portas deberán permanecer pechadas e, en caso de urxencia, utilizaranse as portas habituais sinaladas para iso.

B) Fase de implantación: abranguerá do 18 ao 31 de maio, agás os cambios de circunstancias establecidas polas autoridades competentes.

De conformidade co Protocolo de actuación para o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo en relación coa COVID-19, do 13 de marzo, mantense o horario establecido de 9.00 a 19.00 horas, como medida favorecedora da conciliación familiar.

Nesta fase reincorporarase efectivamente o persoal, agás aquel no que concorra algunha das circunstancias reflectidas no apartado 2.2, de acordo coas seguintes prioridades:

1. Comezará a prestar servizos de xeito presencial o persoal considerado necesario para poñer en funcionamento os centros en atención ás necesidades do servizo, como por exemplo a apertura dos centros.
2. O persoal que ocupe un posto de decana/o, de xefe/a de servizo, de administrador/a, de director/a ou de responsable das unidades ou dos centros correspondentes.
3. O persoal que as persoas responsables consideren indispensable para o funcionamento do servizo ou da unidade, compatibilizando o réxime de traballo presencial co non presencial, así como aquel persoal cuxas funcións non poidan ser prestadas de xeito non presencial. Neste sentido, para facilitar a incorporación gradual do persoal, as persoas responsables dos servizos, das unidades ou dos centros poderán establecer quendas de traballo e optar, se fose posible, por rotacións semanais coa finalidade de minimizar os riscos para a saúde.

En todo caso, para este persoal que se incorpora na primeira fase B), resultará obrigatorio o cumprimento do disposto neste protocolo, singularmente a obriga de garantir o mantemento da distancia de seguridade nos postos de traballo, así como as medidas hixiénicas e de prevención que se implanten. Para iso, as persoas responsables dos servizos, das unidades ou dos centros correspondentes deberán recordarlle ao persoal a necesidade de cumprir estas medidas.

Nesta primeira fase B), a persoa responsable da unidade, do servizo ou do centro deberá comprobar que os postos de traballo están adaptados para garantir a distancia de seguridade ou, de non ser así, establecerá o réxime de traballo necesario para evitar a coincidencia do persoal cuxos postos de traballo non respecten a distancia de 2 metros. Así mesmo, deberase sinalar aquelas estancias utilizadas para que os servizos de limpeza presten maior atención nelas.

No que se refire a estes postos de traballo onde non se garanta a distancia de seguridade, planifícanse medidas especiais para evitar a concorrencia de persoal, acudindo á prestación de servizos en réxime non presencial en períodos de tempo alternos entre o persoal afectado ou acudir á redistribución das súas quendas de traballo.

Nesta primeira fase B) o persoal entrará pola porta principal do centro e por aquelas que o decano/a, o director/a ou o administrador/a consideren axeitadas para un correcto movemento das persoas, dado que nesta fase non poderán acceder estudantes nin persoal externo, agás con cita.

4.2. Segunda fase

Iniciarase o 1 de xuño e estenderase ata o 14 de xuño e manterase o horario de 9.00 a 19.00 horas.

Na segunda fase procederase á reincorporación daquel persoal que teña o posto de traballo nun espazo de uso exclusivo (por exemplo despachos individuais) ou que traballen en oficinas que garantan unha distancia de dous metros de separación entre as persoas traballadoras. Atendendo ás necesidades do servizo, flexibilizarase a alternancia entre o traballo presencial e non presencial e o establecemento de quendas rotatorias para minimizar os riscos.

Nesta fase, o persoal cuxos postos de traballo non garantan a separación de 2 metros prestará servizo alternando o réxime presencial e non presencial. Para isto estableceranse quendas rotatorias entre o persoal.

4.3. Terceira fase

Do 15 de xuño ao 30 de xuño con horario de 9.00 a 19.00 horas.

Na terceira fase, procederase á reincorporación daquel persoal cuxos postos de traballo incumprían a separación de 2 metros entre eles, logo de realizar os axustes ou as obras necesarias para garantir a distancia mínima de seguridade.

4.4. Persoas pertencentes a grupos vulnerables á COVID-19 e persoas con cargas familiares

En todo caso, o persoal pertencente aos colectivos definidos en cada momento polo Ministerio de Sanidade como grupos vulnerables á COVID-19, así como o persoal que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes e se vexa afectado polo peche dos centros educativos ou de maiores, polo tempo que as autoridades competentes o determinen, e non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral, pode seguir desenvolvendo as súas tarefas en réxime non presencial.

No caso de que este persoal non poida traballar a distancia terá prioridade para escoller as quendas e os días nos que poida desenvolver o traballo de xeito presencial.

5. Medidas preventivas que implementar na Universidade de Vigo

5.1. Medidas xerais para todas as persoas

A Universidade de Vigo, sempre que as autoridades sanitarias non modifiquen e/ou levanten as restricións laborais e sociais pola COVID-19, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo seguindo as directrices dadas polo Ministerio de Sanidade aos servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2, de data 30 de abril de 2020, as medidas preventivas xerais para garantir a separación entre as persoas traballadoras fronte á COVID-19 do Instituto Nacional de Seguridade e de Saúde no Traballo (INSST), de data 9 de abril de 2020, así como a Guía de boas prácticas nos centros de traballo, de data 11 de abril, editada polo Ministerio de Sanidade, establece as seguintes medidas para todas as persoas:

A primeira medida é unha política estrita de permanencia no fogar en caso de enfermidade, síntomas ou contacto con persoas enfermas.

A persoa traballadora asume a responsabilidade de autocomprobar o seu estado de saúde antes de acudir ao seu centro de traballo.

Ata que haxa unha orde publicada polas autoridades competentes, a distancia mínima entre as persoas non será menor a 2 metros. De non poder manter esta distancia, é obrigado o uso de mecanismos de barreira e/ou de protección persoal, tales como pantallas e máscaras.

5.2. Medidas organizativas xerais

- Se nalgún momento as autoridades sanitarias determinan o uso para a poboación, con carácter obrigatorio, de elementos de protección (tales como máscaras ou luvas) o persoal de control dos accesos non lles permitirá á entrada aos edificios administrativos ás persoas usuarias que non porten os ditos elementos de protección.

- Para garantir que todo o persoal conte cunha información específica e actualizada sobre as medidas que se implanten, colocaranse carteis en zonas visibles.

5.2.1. Organización do traballo

- Revisarase a forma habitual de traballo. Para iso, pode ser necesario redefinir as tarefas (como xa se está facendo nalgúns casos) co obxectivo de poder realizar o traballo telematicamente. Especial énfase en establecer os protocolos que permitan e garantan o transvasamento da información. Deste modo, empregarase de xeito ordinario o teléfono, Campus Remoto e o correo electrónico entre o persoal que estea presente nas oficinas para evitar os desprazamentos.

- Revisaranse, en todos os centros e os edificios, os servizos que requiren da presenza física do persoal para, na medida do posible, reducilos coa garantía da continuidade do servizo.

- Realizar o traballo telemático, se este é posible de acordo coas funcións da persoa traballadora.

- Recolocación do traballador/a especialmente sensible, de ser necesario, (previa valoración pola Área de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención de Riscos Laborais), nun lugar de traballo sen risco de exposición ao coronavirus SARS-CoV2, no caso de que non puidese realizar o traballo telematicamente.

- Reducirase, na medida do posible, o traballo simultáneo nas zonas comúns e as oficinas e os laboratorios ata os niveis que garantan a mínima separación esixida entre os postos de traballo. Reorganizarase a distribución dos espazos (mobiliario, andeis, corredores etc.), co obxecto de garantir o mantemento das distancias de seguridade de 2 metros. En caso de non ser posible, deberán dispoñer de barreiras que impidan ese posible contacto ou de equipo de protección persoal.

- No caso dos postos de traballo de uso compartido entre varias persoas empregadas públicas, avalíaranse alternativas para non compartilos e, de non haberlas, procederáse á súa desinfección cando se produza ou a un cambio de quenda.

- Uso de material de traballo diferenciado para evitar compartir o teléfono, os auriculares, os bolígrafos e demais elementos e asegurar, en caso contrario, unha limpeza exhaustiva con material desbotable antes e despois de cada uso.

- O público visitante non poderá empregar os equipos informáticos, o material de oficina ou outros obxectos do persoal público.

5.2.2. Acceso e mobilidade

- Cando sexa necesario, modificarase a organización da circulación das persoas nos espazos comúns (favorecerase a marcha cara a adiante e evitaranse, na medida do posible, os cruces).
- Estudarase o emprego de cámaras térmicas ou de medidores de temperatura sen contacto nos accesos aos centros onde haxa grandes concentracións de persoas nas entradas e nas saídas.
- Na entrada e na saída do edificio, deberase manter en todo momento a distancia de seguridade. Igualmente manterase esta precaución nos tempos de descanso.
- Disporase que, salvo circunstancias xustificadas, o acceso ás dependencias se realizará de xeito individual. Polo tanto, impartiranse instrucións aos servizos de control dos accesos para que limiten neste sentido a entrada de visitantes.
- Prohibiranse, ata nova instrución, as visitas aos centros.

5.2.3. Reunións, viaxes, traslados e formación

Como norma xeral, evitaranse as reunións ou as visitas ás instalacións e priorizaranse as videoconferencias. Se non fose posible adoptar as citadas medidas, tomaranse as seguintes:

- Con carácter xeral as reunións de traballo terán lugar mediante audioconferencia ou videoconferencia, preferentemente a través da plataforma campusremoto.tv.uvigo.es e evitaranse, no posible, as reunións presenciais ou que impliquen desprazamentos a outra localidade. Non se poderá asistir a reunións que teñan lugar en unidades territoriais diferentes a aquela na que se atope o centro de traballo, salvo por causas excepcionais e xustificadas, de acordo cos criterios establecidos polo Ministerio de Sanidade en función de cada fase.
- No caso de ter lugar, garantirase a distancia de seguridade de 2 metros entre as persoas participantes, adaptarase a capacidade das salas a estas limitacións e realizaranse en lugares con boa ventilación.
- Se non é posible manter os 2 metros de distancia, garantiranse as medidas de autoprotección e de hixiene mediante os equipos de protección persoal, tales como a máscara hixiénica, a máscara cirúrxica ou a máscara FFP2 sen válvula.
- O acceso e a saída das salas realizarase de xeito graduado para evitar incumprir a distancia de seguridade.
- Ao finalizar a reunión informarase ao servizo que xestiona as salas para que se proceda a súa limpeza e a súa desinfección. Non se poderá volver usar a sala ata que se produza a súa limpeza.

- En canto aos traslados e ao persoal do parque móbil (chóferes etc) terase en conta o que indica a Orde TMA/400/2020, do 9 de maio, pola que se establecen as condicións que aplicar na fase I do desconfinamento en materia de mobilidade e se fixan outros requisitos para garantir unha mobilidade segura.

«Limitarase a ocupación total das prazas de maneira que os pasaxeiros/as teñan un asento baleiro contiguo que os separe de calquera outro pasaxeiro/a. Manter sempre baleira a fila posterior ao asento ocupado polo condutor/a. As filas que non se poidan ocupar anularanse con cintas, cadeas, ou ben indicarse a prohibición de utilizalas mediante carteis ou outra sinalización»

- As unidades responsables da organización dos cursos e das actividades formativas desenvolverán, con carácter prioritario, a súa actividade mediante medios telemáticos coa finalidade de minimizar os posibles riscos para a saúde e co respecto en todo caso dos termos que determinen as autoridades sanitarias.

5.3. Medidas nos espazos de atención ao público

- Utilización do sistema de atención ao público por portelo co establecemento do sistema necesario para garantir a separación física mínima de 2 metros, principalmente mediante a instalación de biombos de metacrilato ou similar, ou na súa falta, ben mediante a sinalización do pavimento ou ben a través da instalación de medios físicos na zona exterior do portelo.
- En caso de non dispoñer de portelo, tomaranse as medidas oportunas para manter a distancia mínima de seguridade de 2 metros.
- Instalación de biombos de metacrilato ou similares de protección nas mesas das persoas traballadoras con atención directa ao público cando non sexa posible a distancia mínima de seguridade de 2 metros.

5.4. Medidas preventivas colectivas nas zonas comúns

5.4.1. Entradas e saídas

- A entrada e a saída dos edificios deberá realizarse exclusivamente pola entrada principal, a cal deberá ter unha apertura automática, ou na súa falta, deberá permanecer coa porta constantemente aberta. Coa devandita medida trátase de evitar o uso manual dos teclados e dos fichadores).
- Cando a entrada principal do edificio dispoña de dous ou máis portas, procederase a habilitar unha delas exclusivamente como entrada e a outra como saída e deberán estar oportunamente indicadas.
- Poderá propoñerse unha porta de saída e outra de entrada no mesmo edificio.

- En caso de urxencia, deberán utilizarse para a evacuación do edificio as saídas establecidas para iso.

5.4.2. Ventilación natural

- Incremento da ventilación natural e mecánica dos espazos de traballo, a través da programación de varias aperturas ao día das xanelas e do aumento do volume de renovación do aire nas instalacións de aire primario daqueles edificios nos que resulte tecnicamente posible, así como dun aumento na periodicidade da limpeza dos filtros.
- Procurarase manter, durante o horario laboral presencial, as portas abertas en todos aqueles espazos, nos que a dita medida non afecte á seguridade patrimonial da Universidade de Vigo, coa finalidade de rebaixar ao mínimo a manipulación dos tiradores, dos pomos etc., a condición de que non se xeren situacións de desconforto por correntes de aire.

5.4.3. Limpeza e desinfección

- Limpeza reforzada e exhaustiva dos centros e os postos de traballo, así como do interior dos vehículos e de calquera outro elemento utilizado no desenvolvemento da actividade laboral.
- Incremento das medidas de hixiene relacionadas coa práctica habitual, coa programación da desinfección periódica dos espazos, dos equipos, das mesas e dos vehículos de traballo.
- Intensificación da hixiene das superficies de contacto frecuente (aseos, pomos de portas, varandas, botóns de ascensores, interruptores de luz etc.) e seguridade da súa limpeza varias veces ao día.
- Verificación periódica ao longo do día da dispoñibilidade de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida para a limpeza das mans, ou cando isto non sexa posible, de auga e de xabón.

5.4.4. Mobilidade interna

- Uso individual, por traxecto, dos ascensores con prioridade absoluta ás persoas con mobilidade reducida e ao persoal que transporta cargas. (Deberase colocar un cartel indicativo en todos os ascensores).
- En zonas comúns, como os aseos, deberá realizarse un uso individual do devandito espazo, salvo naqueles supostos das persoas que poidan precisar asistencia. Nese caso tamén se permitirá a súa utilización pola persoa acompañante.

(Esta parte dos corredores e das escaleiras está feita seguindo as medidas preventivas xerais para garantir a separación entre as persoas traballadores fronte á COVID-19 do INSST)

Establecer sentidos de circulación **nos corredores e nas escaleiras** en función das súas dimensións:

- Nos corredores e nas escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, caben dúas posibilidades:
 - Sinalizar no chan os dous sentidos de circulación. Poden utilizarse para este fin pintura, cintas ou adhesivos coa seguridade de que sexan non esvaradíos e resistentes ao desgaste e á limpeza.



- Ou indicar mediante carteis ou outra sinalización que se transite sempre pola dereita.
- Nos corredores e nas escaleiras onde o ancho **non** permita manter a distancia de seguridade poden darse dúas situacións:
 - Se hai vías alternativas para o mesmo recorrido, sinalizar o sentido único en cada unha delas.
 - Se non hai vías alternativas para o mesmo recorrido, sinalizar o sentido que ten preferencia.



Nos corredores, sinalizar con carteis a prohibición de aglomeracións (o SPRL xunto coa Área de Imaxe deseñaron un cartel para este fin).

- Se se dispón de dúas escaleiras, poderase utilizar unha de subida e outra de baixada.

5.4.5. Outras medidas en zonas comúns

- Peche da subministración da auga nas fontes interiores distribuídas nos diferentes centros de traballo.
- Mantemento do peche preventivo das zonas destinadas a cafeterías, bares e espazos de comida con friameiras.
- Estudarase, caso por caso, a viabilidade da reapertura dos comedores e das cafeterías, sempre que se garantan as medidas de autoprotección e de hixiene

establecidas, que está supeditada á ventilación continua dos locais, á redución do tempo de descanso dentro destes espazos e ao mantemento da distancia de seguridade de 2 metros entre as persoas.

- Anular as máquinas expendedoras de alimentos, se é posible, e en caso contrario, extremar a súa limpeza.
- Nas fotocopiadoras de uso común situadas nos corredores, extremar a limpeza.
- Mantemento do peche preventivo das zonas destinadas á realización das actividades deportivas.
- Dotar, sempre que sexa posible, as zonas comúns de dispensadores de solucións alcohólicas.
- Colocar carteis que recorden as medidas de hixiene, como evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.

5.5. Medidas preventivas individuais

- Reforzo das medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición:
 - Lavado de mans con auga e con xabón ou con solucións hidroalcohólicas.
 - Ao tusir ou ao esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
 - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - Non realizar manifestacións de educación ou de afecto que supoñan un contacto físico.
- Posta ao dispor dos equipos de protección persoal (máscara FFP2 ou máscara cirúrxica segundo a situación) e dos equipos de protección individual (luvas de protección -UNE-EN-ISO-374-5-) aos postos con atención directa ao público, que non dispoñan dun portelo de atención, dun biombo de protección ou dun espazo suficiente para manter unha distancia de seguridade de 2 metros.
- Posta ao dispor dos equipos de protección individual (luvas de protección -UNE-EN-ISO-374-5-) aos postos con atención directa ao público nos que exista un intercambio directo de documentos, paquetes, libros etc.

6. Docencia e I+D

6.1. Docencia en liña

- Maximizarase o uso do ensino virtual (en *streaming* e sobre os repositorios en liña), con acceso libre e 24/7 a plans de lección e de conferencias.
- Maximizarase o uso de videotitoriais.
- Maximizarase o emprego de simuladores.
- Revisarase o catálogo dos cursos de ensino de perfeccionamento na docencia en liña e potenciaranse os devanditos.

6.2. Docencia presencial (podería incluír exames de segunda oportunidade e a ABAU 2020)

6.2.1. Medidas organizativas

- Cada centro deberá facilitar o número de estudantes que poden caber en cada aula co mantemento das distancias necesarias de seguridade, incluíndo os salóns de actos que pasarán a ser prioritarios. Debería estar estudado na fase preliminar (apartado 4.1) ou na fase 1 (apartado 4.2). Haberá que contabilizar a nova capacidade de cada aula con estas restricións. Empregaranse os auditorios como salas habituais de docencia.
- Limitarase, conforme o asesoramento técnico e sanitario correspondente, a capacidade nas aulas presenciais para cumprir a distancia recomendada entre as persoas asistentes.
- Estudarase a capacidade das pistas dos pavillóns deportivos para a realización de probas.
- Estableceranse os procedementos de actuación necesarios para manter en todo momento a distancia de seguridade (2 m) entre o estudantado e prestar especial atención aos aspectos seguintes:
 - Acceso ordenado ás aulas por parte do estudantado, para evitar as aglomeracións, mantemento da distancia recomendada na fila do acceso, no caso das probas presenciais estableceranse horarios de acceso, de tal maneira que non se solapen no tempo diferentes grupos de avaliación nun mesmo edificio.
 - Nos colgadoiros das aulas só se permitirá colgar unha peza en cada percha e sinalizarase dita medida.
 - Disposición dos postos dos exames para asegurar o espazo necesario, tanto no acceso e na saída dos devanditos, como durante o desenvolvemento das probas.
 - No caso das probas organizarase a entrega e a recollida dos exames para evitar o contacto directo entre os membros dos tribunais e o estudantado (é recomendable que o profesorado deixe e recolla o exame en cada un dos postos do estudantado

examinado sen a súa presenza.

- Dispoñer do material diferenciado para os membros dos tribunais e o estudantado, evitar compartir os bolígrafos e os demais elementos e asegurar, en caso contrario, unha limpeza exhaustiva con material desbotable previa a cada uso.

6.2.2. Medidas preventivas colectivas

- No caso dos exames cun número elevado de estudantes, primará o uso dos auditorios e das aulas de maior capacidade.
- Todas aquelas persoas que entren nunha aula para realizar unha proba ou para asistir a unha clase presencial, deberán previamente lavar as mans ou desinfectalas con xel hidroalcohólico, polo que se deberán dotar deste xel desinfectante todas aquelas aulas que se vaian utilizar.
- Desinfección, previa e posterior ao seu uso, das aulas incluíndo as mesas e o resto das superficies utilizadas con lixivia diluída en auga.
- Limpeza reforzada e exhaustiva con lixivia diluída en auga, das zonas consideradas expostas dos edificios que os albergan (aseos, accesos ás aulas etc.).
- Dotación en cada aula de, polo menos, unha papeleira con tapa accionada con pedal equipada con bolsa de lixo para a adecuada xestión do material desbotable utilizado.
- Incremento da ventilación natural e mecánica dos locais dos exames a través da apertura das xanelas e do aumento do volume de renovación do aire nas instalacións de aire primario dos edificios.

6.2.3. Medidas individuais

- Recoméndase que tanto o estudantado como o profesorado ou os membros dos tribunais, porten panos desbotables como medida preventiva ante as necesidades producidas por tose ou esbirros (estes panos usados deberán ser depositados na papeleira con tapa accionada con pedal equipada con bolsa de lixo situada na aula á saída do exame).
- Os membros do tribunal deberán dispoñer de luvas desbotables para a manipulación dos exames. Unha vez retiradas as luvas, laranse as mans con auga e con xabón.

7. Especificacións recomendadas para os elementos de protección

7.1. Máscaras

- As máscaras poden ser de tipo filtrante consideradas EPI (equipo de protección), ou tipo cirúrxico consideradas como produto sanitario. As máscaras tipo hixiénicas non son recomendadas.
- As máscaras de tipo EPI deben ser da clase FFP2 sen válvula e estar certificadas coa norma EN-149. Adoitan permitir máis dun uso e están indicadas para as persoas empregadas.
- As de tipo cirúrxico poden ser da clase BFE1 ou BFE2, e sempre estar certificadas coa norma EN-14683. Son dun só uso e están indicadas para facilitalas aos clientes e ás persoas empregadas.

Vigo, 13 de maio de 2020

O Reitor